

Elas fano en galego



María Prado Rúa (Ourense, 2000)

A ourensá **María Prado Rúa**, coñecida nas redes como **Prado Rúa (@prado_rua)** é unha creadora de contidos que foi gañando espazo nas redes.

Comezou no Youtube creando contidos moi variados: coidados do cabelo, maquillaxe, recomendacións de libros, sobre a situación da lingua, sobre a educación infantil, a música, os deportes... ou calquera outro tema do seu interese. Aos poucos foi xuntando comunidade, conectando persoas desde a súa canle de **Youtube** e de aí entrou tamén no Twitter (agora **X**), no **Instagram** e no **Tik Tok**. É unha das máis coñecidas “**Youtubeiras**” e como tal xa recolleu varios premios neste concurso, ademais de estar moi presente na comunidade do Galitwitter axudando a quen quixer animarse a falar galego e /ou a crear contidos en galego.

A súa última creación é a web serie **Conexión co Reino** onde Prado Rúa conecta a Idade Media coa actualidade.

Elaborado a partir de https://www.lavozdegalecia.es/noticia/ourense/2021/04/21/variado-contido-da-youtubeira/0003_202104021C8994.htm, <https://www.atlantico.net/articulo/tendencias/pradorua-tik-tok-galego/20210723155704853495.html> e <https://codigocero.com/Chega-unha-serie-web-galega-que-nos-redescubre-o-medievo-da-man-de-Prado-Rua>

Youtubeira, #tiktok, #influencer

